



## NOTA INFORMATIVA

Desde o departamento de Medio Ambiente do Concello de Muros queremos informarlles de que no DOG nº. 43, publicado o 2 de marzo de 2017, saen publicadas as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa destinadas a particulares que convoca o Instituto enerxético de Galicia.

### **BENEFICIARIOS**

Poderán ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas de dereito privado, propietarias ou titulares de calquera dereito sobre inmobles de dereito residencial, comunidades ou mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións subvencionables descritas no artigo 3 se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, as agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade; estas non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **OBXECTO**

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos promovidos polos particulares e as súas agrupacións e asociacións con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible.

### **CONCEPTOS SUBVENCIONABLES**

#### **1. Serán subvencionables:**

- a) O custo do equipamento térmico e os seus accesorios principais (sistema de regulación e control, sistemas de limpeza, depuración de fumes, extracción de cinzas).
- b) O resto de accesorios da instalación para o correcto funcionamento de sistema.
- c) O custo do sistema de almacenamento do combustible.
- d) O custo do sistema de alimentación do combustible.
- e) O custo de montaxe e conexiónado.
- f) O IVE, cando non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre IVE.



En todo caso, os beneficiarios que gocen da exención do IVE deberán acreditar esta circunstancia mediante a presentación do correspondente certificado emitido pola Administración tributaria.

**2. Non son subvencionables:**

- a) Os gastos de funcionamento da actividade subvencionada e material funxible en xeral.
- b) Os gastos anteriores á presentación da solicitude.
- c) A reposición ou mera substitución de equipamentos existentes. Para estes efectos, enténdense por gastos de reposición ou substitución aqueles que se limiten a substituír unha máquina existente ou parte dela por unha máquina nova e moderna sen ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % ou introducir cambios fundamentais na natureza da produción ou tecnoloxía correspondente).
- d) Equipamento e materiais de segunda man.
- e) A simple reposición ou substitución de equipamento e maquinaria.
- f) As obras de mantemento e os gastos de alugueiro.
- g) As taxas e licenzas administrativas.
- h) As partidas de gastos xerais e beneficio industrial, cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.
- i) As conducións de distribución interior da calor e os equipamentos emisores, salvo cando estes sexan parte activa do circuíto de xeración térmica.

**INTENSIDADE DA AXUDA**

1. A contía global da convocatoria ascende a 2.265.000 € Esta contía poderase incrementar en función das solicitudes presentadas e sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa.

Este crédito está financiado con fondos propios, que ascenden a 765.000 € e con fondos do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, que ascenden a 1.500.000 € dos cales o 75 % procede do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), un 7,5 % procede dos orzamentos xerais do Estado e un 17,50 % dos orzamentos da Comunidade Autónoma.



2. A intensidade máxima da subvención será dun 50 % do investimento elixible, de acordo co cálculo por potencia unitaria sen IVE da seguinte táboa, cun máximo de 50.000 €proyecto.

Tipoloxía	Tipo de equipamento xerador	Rango de potencias	Custo elixible máximo por potencia sen IVE (€/kW)
A1	Estufas de aire, cociñas calefactoras e xeradores de aire quente	$P \leq 25$ kW	225-5 P
		$P > 25$ kW	100
A2	Cambio de queimador en equipamento existente que non sexa de biomasa		50
B1	Equipamentos térmicos sen sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V < 250$ litros	$P \leq 20$ kW	300- 5 P
		$20$ kW $< P \leq 40$ kW	250-2,5 P
		$P > 40$ kW	150
B2	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible $V \geq 250$ litros e $V < 1.000$ litros	$P \leq 40$ kW	300
		$40$ kW $< P \leq 440$ kW	$310-(P/4)$
B3	Caldeiras con sistema de alimentación automática e volume de acumulación de combustible con $V \geq 1.000$ litros	$P > 440$ kW	200
		$P \leq 40$ kW	325
		$40$ kW $< P \leq 440$ kW	$335-(P/4)$
		$P > 440$ kW	225

P: potencia nominal total do sistema de caldeira(s) (kW).

V: capacidade do sistema externo de acumulación de combustible (litros).

### PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

**Inicio:** ao día seguinte do remate do prazo de adhesión das entidades (15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, é dicir, 15 días hábiles desde o 3 de marzo).

**Fin:** Un mes contado desde o día seguinte ao remate do prazo de adhesión das entidades colaboradoras.

Xunto coa solicitude presentarase telematicamente, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

### INFORMACIÓN AOS INTERESADOS

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

1. Na páxina web do Inega ([www.inega.gal](http://www.inega.gal)) e no correo electrónico [inega.info@xunta.gal](mailto:inega.info@xunta.gal).
2. No teléfono 981 54 15 00 (Inega).
3. Presencialmente, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela), logo de cita no teléfono 981 54 15 00.



## MÁIS INFORMACIÓN

- Consultar o DOG nº. 43, publicado o 2 de marzo de 2017, “RESOLUCIÓN do 9 de febreiro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2017 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (IN421H, IN421I).
- Para máis información contactar coa Axencia Local de Sostibilidade, no Concello de Muros, por teléfono (981826050) ou por correo electrónico ([sostibilidade@muros.es](mailto:sostibilidade@muros.es)).